



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA

cód: 27005263

Estrada de Portomarín (LU-612) s/n.
Telf: 982 870366- 982 870367
San Mamede de Lousada. Guntín. Lugo.
ceip.lousada@edu.xunta.es



“PLAN DE CONTINXENCIA”

CURSO 2020-2021

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe de Lousada ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso da suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa ou na totalidade do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA
cód: 27005263

Estrada de Portomarín (LU-612) s/n.
Telf: 982 870366- 982 870367
San Mamede de Lousada. Guntín. Lugo.
ceip.lousada@edu.xunta.es



ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. Non asistirá ao centro aquel alumnado, persoal docente, persoal non docente e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a mostre indicios e comece a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, seguirase o presente plan de continxencia:

- Levarase a un espazo separado de uso individual (aula COVID).
- Colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao alumno ou traballo do centro que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado, que deberá tomar as medidas individuais e colectivas de protección).
- Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. A continuación deberemos chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia ou ao teléfono de referencia do SERGAS, e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

No caso de ser persoal docente ou non docente do centro o que mostre síntomas, debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, contactar co centro de saúde e seguir as instrucións do mesmo ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso positivo ou dunha sospeita por sintomatoloxía relacionada co virus nun centro educativo, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA
cód: 27005263

Estrada de Portomarín (LU-612) s/n.
Telf: 982 870366- 982 870367
San Mamede de Lousada. Guntín. Lugo.
ceip.lousada@edu.xunta.es



consideración3 de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra/centro de saúde para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A **aparición dun único caso confirmado nunha aula** poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de **3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA
cód: 27005263

Estrada de Portomarín (LU-612) s/n.
Telf: 982 870366- 982 870367
San Mamede de Lousada. Guntín. Lugo.
ceip.lousada@edu.xunta.es



10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da aula virtual de cada grupo, ou de E-Dixgal para 4º, 5º e 6º de Primaria. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. As titorías manteranse no horario habitual mediante cita previa e realizaranse de forma virtual ou mediante chamada telefónica.

Os medios de contacto das familias co centro e co profesorado serán os seguintes:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA
cód: 27005263

Estrada de Portomarín (LU-612) s/n.
Telf: 982 870366- 982 870367
San Mamede de Lousada. Guntín. Lugo.
ceip.lousada@edu.xunta.es



- Abalar Móbil
- Correo corporativo do centro: ceip.lousada@edu.xunta.es
- Correo corporativo do profesorado.
- Teléfono do centro: 982 87 03 66
- Teléfono móbil do centro: 600 85 35 99

b) Manter actualizada a páxina web con información relevante e non sensible para a comunidade educativa.

c) Habilitar plataformas para a **continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe** de forma telemática. **Priorizarase o emprego da Aula Virtual** (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplousada/aulavirtual/>) a pesar de que teremos en conta aqueles casos onde, temporalmente ou de forma habitual, non teñan as ferramentas ou a conexión necesaria para realizar este tipo de tarefas, habilitando un mecanismo de seguimento por outros medios (correo electrónico por exemplo) e dotando na medida do posible de ferramentas dixitais a aquelas familias que o precisen.

O traballo telemático dos diferentes cursos será da seguinte forma:

- O alumnado de **Ed. Infantil** continuará coa súa formación a distancia mediante a realización de tarefas diarias. Estas tarefas terán un compoñente formativo, co que poidan continuar desenvolvendo as súas competencias e destrezas, así como un compoñente lúdico e reconfortante para evitar crear neles unha sensación de inestabilidade. Continuaremos con unha canle de difusión telefónica dirixida ás familias así como empregar a Aula Virtual do centro, onde o profesorado poderá engadir as tarefas e realizar o seguimento do alumnado.
- O alumnado de **1º, 2º e 3º de primaria** empregará a Aula Virtual do centro. Cada alumna/o ten a súa conta creada na aula virtual e realizarase un recordatorio das claves de acceso as familias. Nesta aula virtual o alumnado terá actividades interactivas e recursos dixitais para o repaso e a continuidade do traballo de aula.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA
cód: 27005263

Estrada de Portomarín (LU-612) s/n.
Telf: 982 870366- 982 870367
San Mamede de Lousada. Guntín. Lugo.
ceip.lousada@edu.xunta.es



- O alumnado de **4º 5º e 6º de primaria** traballará empregando a plataforma EVA do proxecto EDIXGAL. Este alumnado poderá traballar de forma online e offline, polo que procuraremos a descarga de todo o necesario no centro de forma habitual para que o teñan dispoñible no caso de suspensión da presenza no centro por un abrocho.
- De forma xeneralizada, realizaremos con todos os cursos videoconferencias (mediante a plataforma Cisco Webex ou aquela proporcionada pola Consellería durante o curso 20/21) e/ou chamadas telefónicas, mediante un horario organizado polo profesorado, para favorecer o seguimento do alumnado.

c) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.

d) Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

e) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Tendo en conta as medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade, o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:



<p>Fase 1 Adecuación dos espazos</p>	<p>Duración Variable (aprox. 1 semana)</p>	<p>Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo Covid-19 do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas. Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Analizar a organización dos espazos e as súas necesidades. • Adecuar distribución do espazo e mobiliario que ocupará o alumnado. • Reestruturación de ser preciso dos circuitos de circulación interna. • Reorganizar as quendas de recreo para realizalas máis graduadas. • Reorganizar e crear novas quendas para o horario de comedor.
<p>Fase 2 Formación de pequenos grupos</p>	<p>Duración 1 semana</p>	<p>A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 40%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento. Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, boas prácticas no emprego de máscara, hixiene de mans e utilización dos espazos do centro. • Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase. • Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2.
<p>Fase 3 Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos</p>	<p>Duración 1 semana</p>	<p>A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 70%. Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso. Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Establecer criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva. • Continuar coa práctica e asimilación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.
<p>Fase 4 Reactivación</p>	<p>Duración 1 semana</p>	<p>A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% mantendo a distancia na aula e nos espazos comúns. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia. Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reforzar e fomento de hábitos aprendidos. • Dispoñer en puntos estratégicos información visual clara parado alumnado. • Realizar o recreo en tres quendas en lugar de dúas. • Revisar e valorar as quendas do comedor para adaptalas á nova situación ou mantelas como nas fases anteriores.